



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: Desestimento proceso de selección brigada de incendios

Visto o proceso de selección incoado para a selección de 1 xefe/a de brigada, 1 peón-condutor e 3 peóns de prevención e defensa contra incendios forestais deste Concello ó abeiro do convenio interadministrativo suscrito entre a Consellería de Medio Rural para a participación na defensa contra incendios forestais durante o ano 2019, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco PDR de Galicia 2014-2020.

Visto o anuncio publicado no xornal "La Voz de Galicia" o día 8 de xullo de 2019, onde se concede as persoas interesadas en participar no proceso de selección, un prazo de 6 días naturais contados a partir do día seguinte o da publicación do anuncio.

Visto que por resolución de alcaldía 410/2019 se aprobou a listaxe definitiva de admitidos e excluídos para a cuadrilla de incendios e se convocou aos aspirantes a realización da proba física para o día 06/08/2019 según o decreto 415/2019.

Visto o anuncio do tribunal de selección con data do 07/08/2019, referente aos aspirantes que realizaron a proba de aptitude física e según o informe realizado polo médico colexiado da Clínica Vimianzo Saúde, ponse de manifesto o seguinte:

"ANUNCIO DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DE PERSOAL PARA A BRIGADA DE INCENDIOS DO CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS 2019

Realizada a proba de aptitude física por parte dos aspirantes presentados na Clínica Vimianzo Saúde o día 06/08/2019 tal e como indicaba o decreto 415/2019, e segundo o informe realizado polo médico colexiado, o resultado final queda da forma seguinte:

Aspirantes a 1 XEFE DE BRIGADA:

APELIDOS E NOME	DNI	RESULTADO
<i>García Lema Javier</i>	<i>***6900T</i>	<i>Non presentado</i>
<i>Quintáns Fondo Ana</i>	<i>***3525J</i>	<i>Non presentada</i>

(...)"

Tendo en conta que no convenio de colaboración suscrito coa Consellería de Medio Rural para a participación na defensa contra incendios durante o ano 2019, unha brigada de incendios ten que estar composta obrigatoriamente por 1 xefe de brigada, 1 peón-condutor e 3 peóns, e dada a imposibilidade de cubrir o posto de xefe de brigada, **RESOLVO:**

Primeiro: desistir do proceso de selección da brigada de incendios 2019 incoado por este Concello por Resolución de Alcaldía nº 313/2019 con data do 26/06/2019.

Segundo: publicar este acordo no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web.

Terceiro: comunicar este acordo á Consellería de Medio Rural.

Cuarto: dar conta ao Pleno na vindeira sesión que se celebre.

En Cabana de Bergantiños, documento asinado dixitalmente segundo se indica na banda lateral.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cabana de Bergantiños <https://sede.concello-cabana.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)